


# *Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes*



**IES PINO MANSO (O Porriño)  
CFR Vigo**

**Documento 4**

Aspectos básicos  
Aula virtual

06-22 de maio de 2020



## SUMARIO

### TEMA 5. Creación e xestión de contidos nun curso

Activar edición

Editar o tema

Engadir un recurso

Modificar un recurso, ocultalo, desprazalo ou eliminalo

Engadir unha actividade

Ocultar una sección

Realzar unha sección

Desprazar verticalmente




## TEMA 5. Creación e xestión de contidos nun curso

### Activar edición

De volta no curso, para engadir contidos en calquera Sección ou Temas é necesario previamente activar a edición facendo clic en “Activar edición”, situado na parte superior dereita da pantalla.

The screenshot shows the Moodle course interface for 'CURSO PROBA'. At the top right, it indicates the user is logged in as 'Nome Usuario Profe' and the language is set to 'Galego (gl)'. Below this, a breadcrumb trail reads 'Páxina principal > Os meus cursos > CURSO PROBA'. The 'Activar edición' button is highlighted with a red circle. On the left, a navigation menu includes 'Páxina principal', 'A miña área persoal', 'Páxinas do sitio', 'Meu perfil', and 'Curso actual' (with 'CURSO PROBA' expanded to show 'Participantes' and 'Distincións'). The main content area features a 'Foro de novas' icon and two topic sections, 'Tema 1' and 'Tema 2'. On the right, there are sections for 'Busca nos foros' (with a search input and 'Ir' button), 'Últimas noticias' (with a link to 'Engadir un novo tema...'), and 'Próximos eventos'.




## Activar edición (continuación)

O aspecto da nova pantalla é a seguinte. Agora aparecen en cada sección as etiquetas de “Engadir un recurso” e “Engadir unha actividade”, que nos permiten incluír os contidos que se consideren oportunos.


The screenshot shows a Moodle course page for 'CURSO PROBA'. The main content area is titled 'Foro de novas' and contains three sections: 'Tema 1', 'Tema 2', and 'Tema 3'. Each section has a gear icon for settings and a dropdown menu with a question mark icon. The dropdown menus for 'Tema 1' and 'Tema 2' are highlighted with red circles. The dropdown menu for 'Tema 1' contains the text 'Engadir un recurso...' and 'Engadir unha actividade...'. The dropdown menu for 'Tema 2' contains the text 'Engadir un recurso...' and 'Engadir unha actividade...'. The dropdown menu for 'Tema 3' is partially visible and also contains the text 'Engadir un recurso...' and 'Engadir unha actividade...'. The page also features a navigation menu on the left, a search bar on the right, and a 'Desactivar edición' button in the top right corner.



## Editar o tema

Antes de engadir contidos nunha sección determinada podemos cambiarlle o nome e poñerlle o título que desexemos, por exemplo: Unidade Didáctica1, UD1..., e engadir un resumo desa sección facendo clic en “Editar o resumo” 

The screenshot shows a course management interface. On the left is a sidebar titled "Navegación" (Navigation) with a list of links: "Páxina principal", "A miña área persoal", "Páxinas do sitio", "Meu perfil", "Curso actual", and "CURSO PROBA" (expanded) with sub-links for "Participantes", "Distincións", "Xeral", and "Tema 1". The main content area has three sections: "Foro de novas" (Forum of news) with a gear icon, "Tema 1" (Topic 1) with a gear icon, and "Tema 2" (Topic 2). A red arrow points from the gear icon in the text above to the gear icon next to "Tema 1". Each section has a dropdown menu labeled "Engadir un recurso..." (Add a resource...) and a button labeled "Eng" (Add).



## Editar o tema (continuación)

Ábrese unha nova pantalla onde en “Nome da sección” poderemos escribir o novo título. Para poder facelo, primeiro temos que facer clic en “Empregar o nome predeterminado de sección” para desactivala e que así nos permita a escritura. En “Resumo” escríbese unha breve descrición desa sección. A continuación clic en “Gardar modificacións”.

▼ Xeral

Nome da sección UNIDADE 1. O tempo  Empregar o nome predeterminado de sección

Resumo

Parágrafo B I

Nesta unidade analizaremos o tempo

Ruta: p

► Restrict access

Gardar modificacións Cancelar



## Editar o tema (continuación)

O aspecto do noso curso agora é o seguinte:

The screenshot displays a Moodle course interface. On the left is a 'Navegación' (Navigation) sidebar with the following items: 'Páxina principal', 'A miña área persoal', 'Páxinas do sitio', 'Meu perfil', 'Curso actual', 'CURSO PROBA' (expanded), 'Participantes', 'Distincións', 'Xeral', 'UNIDADE 1. O tempo' (highlighted), 'Tema 2', 'Tema 3', 'Tema 4', 'Tema 5', and 'Os meus cursos'. The main content area shows a 'Foro de novas' (New forum) icon and an 'Editar' (Edit) button. Below this are three unit sections: 'UNIDADE 1. O tempo' (circled in red), 'Tema 2', and 'Tema 3'. Each unit section includes a gear icon for settings and two dropdown menus: 'Engadir un recurso...' (Add a resource) and 'Engadir unha actividade...' (Add an activity).




## Engadir un recurso

Faremos clic en “Engadir un recurso”. Ábrese o abano de opcións e eliximos unha delas, por exemplo: un ficheiro.

A screenshot of a course management interface. The top navigation bar shows 'meus cursos' and 'CURSO PROBA'. Below this, there are several course sections. The first section is 'Foro de novas' with an 'Engadir un recurso...' dropdown menu. The second section is 'UNIDADE 1. O tempo' with a description 'Nesta unidade analizaremos o tempo' and a resource 'Documento1. O Tempo' with an 'Engadir un recurso...' dropdown menu. The third section is 'Tema 2'. The 'Engadir un recurso...' dropdown menu in the 'UNIDADE 1. O tempo' section is highlighted with a red circle. The interface includes various icons for settings, help, and navigation.





## Engadir un recurso (Continuación)

Na nova pantalla escribimos o nome e a descrición (obrigatoriamente), pero o que se escriba en descrición pódese facer público ou non, facendo clic ou non, no cadradiño á dereita de “presentar a descrición na páxina do curso”.

En “Ficheiros seleccionados” subimos o arquivo do mesmo xeito que se explica en Engadir unha imaxe persoal (foto).

Engadindo un novo Ficheiro a UNIDADE 1. O tempo

Xeral

Nome\*

Descrición\*

Parágrafo B I

Ruta: p

Presentar a descrición na páxina do curso

Contido

Ficheiros seleccionados

Ficheiros


Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

Aparencia

Configuración común do módulo

Restrict access

Gardar e volver ao curso Gardar e mostrar Cancelar











## Engadir un recurso (continuación)

Unha vez subido o  
ficheiro, facer clic en  
“Gardar e volver ao  
curso”

Engadindo un novo Ficheiro a UNIDADE 1. O tempo ⓘ

▼ Xeral

Nome\* Documento1. O Tempo

Descripción\*  Parágrafo B I       


Documentación sobre o tempo

Ruta: p


Presentar a descrición na páxina do curso  ⓘ

▼ Contido

Ficheiros seleccionados



► Ficheiros



O tempo.pdf

► Aparencia

► Configuración común do módulo

► Restrict access

**Gardar e volver ao curso** **Gardar e mostrar** Cancelar



## Engadir un recurso (continuación)

O recurso queda aloxado na sección correspondente.

Facendo clic no ficheiro veremos o seu contido.

The screenshot shows a Moodle course interface. At the top, there is a breadcrumb trail: [Páxina principal](#) ► [Os meus cursos](#) ► [CURSO PROBA](#). A [Desactivar edición](#) button is in the top right.

**Navegación** (Left sidebar):

- Páxina principal
- A miña área persoal
- Páxinas do sitio
- Meu perfil
- Curso actual
  - CURSO PROBA**
    - Participantes
    - Distincións
    - Xeral
    - UNIDADE 1. O tempo
      - Tema 2
      - Tema 3
      - Tema 4
      - Tema 5
  - Os meus cursos

**Curso actual: UNIDADE 1. O tempo**

Nesta unidade analizaremos o tempo

**Documento1. O Tempo** (Resource added)

Documentación sobre o tempo

Engadir un recurso... Engadir unha actividade... (Buttons below the resource)

**Busca nos foros** (Right sidebar):

Busca avanzada ? Ir

**Últimas noticias**

Engadir un novo tema... (Aínda non foi comentada ningunha)


**Próximos eventos**

Non hai actividades próximas

Ir ao calendario... Nova actividade...

**Actividade recente**

Actividade desde Sunday, 10 de May do 2020, 14:00



## Modificar un recurso xa subido, ocultalo, desprazalo ou eliminalo

Para calquera destas opcións facemos clic en “Editar” á dereita da sección. Se se quere modificar, escollemos a opción “Editar a configuración”; se queremos ocultalo (non visible cara o alumnado) faremos clic en “Ocultar”; se queremos quitalo faremos clic en “Eliminar”.

The screenshot shows a Moodle course interface. At the top, there is a breadcrumb trail: [Páxina principal](#) ► [Os meus cursos](#) ► [CURSO PROBA](#). In the top right corner, there is a button labeled "Desactivar edición".

The left sidebar contains a "Navegación" menu with the following items:

- Páxina principal
- A miña área persoal
- Páxinas do sitio
- Meu perfil
- Curso actual
  - CURSO PROBA**
    - Participantes
    - Distincións
    - Xeral
    - UNIDADE 1. O tempo
    - Tema 2
    - Tema 3
    - Tema 4
    - Tema 5
  - Os meus cursos

The main content area is divided into sections:

- Foro de novas**: Includes a gear icon, a "Foro de novas" icon, and an "Editar" button with a user icon.
- UNIDADE 1. O tempo**: Includes a gear icon, a "Nesta unidade analizaremos o tempo" text, a "Documento1. O Tempo" icon, and "Documentación sobre o tempo" text. The "Editar" button is circled in red.
- Tema 2**: Includes a gear icon.

At the bottom of each section, there are two dropdown menus: "Engadir un recurso..." and "Engadir unha actividade...".


The right sidebar contains several widgets:

- Busca nos foros**: Includes a search input field, a "Ir" button, and a "Busca avanzada" link.
- Últimas noticias**: Includes a "Engadir un novo tema..." link and a note "(Aínda non foi comentada ningunha)".
- Próximos eventos**: Includes a "Non hai actividades próximas" message and a "Ir ao calendario..." link.
- Actividade recente**: Includes a "Nova actividade..." link and a timestamp "Actividade desde Sunday, 10 de May do 2020, 14:00".



## Engadir unha actividade

Para engadir unha actividade nunha sección faremos clic en “Engadir actividade”. Ábrese o abano de opcións e eliximos a que necesitamos, por exemplo: Tarefa.





## Engadir unha actividade (continuación)


Ábrese unha nova pantalla coas seguintes características:

The screenshot shows a software interface for adding a task. At the top right, there is a title bar with a document icon, the text "Engadindo un novo Tarefa a UNIDADE 1. O tempo", and a help icon. Below the title bar is a list of configuration options, each preceded by a right-pointing triangle. At the bottom of the interface, there are three buttons: "Gardar e volver ao curso", "Gardar e mostrar", and "Cancelar".

Engadindo un novo Tarefa a UNIDADE 1. O tempo ?

- ▶ Xeral
- ▶ Disponibilidade
- ▶ Tipos de entrega
- ▶ Tipo de comentarios
- ▶ Configuración de entregas
- ▶ Configuración de entregas de grupo
- ▶ Notificacións
- ▶ Cualificación
- ▶ Configuración común do módulo
- ▶ Restrict access

Gardar e volver ao curso   Gardar e mostrar   Cancelar



## Engadir unha actividade (continuación)

En “Xeral” cóbrense o “Nome da tarefa” e a súa “Descrición” e facemos clic no cadradiño a carón de “Presentar a descrición na páxina do curso (opcional).

En “Disponibilidade” elixiremos a data a partir da cal estará activa a Tarefa, a data límite (opcional) e a data de corte (opcional).

Nota: Se activamos unha *data límite*, o alumnado poderá seguir enviando a tarefa aínda sobrepasada esta data (aparecerá que a tarefa esta retrasada nos días que correspondan). Se activamos unha *data de corte* o alumnado xa non poderá enviar a Tarefa a non ser que lle demos unha prórroga.

▼ Xeral

Nome da tarefa\* Envío Documento1. O tempo

Descrición\*

Parágrafo B I

Unha vez cuberto o "Documento1. O tempo", subídeo á plataforma

Ruta: p

Presentar a descrición na páxina do curso

▼ Disponibilidade

Permitir entregas de       Activar

Data límite       Activar

Data de corte       Activar

Amosar sempre a descrición



## Engadir unha actividade (continuación)

En “Tipos de entrega” podemos elixir por exemplo, que o alumnado entregue un ficheiro, aínda que tamén podemos elixir cantos ficheiros poden subir e limitar o tamaño das entregas

Nota: O tamaño máximo de entregas está en 100MB.

Engadindo un novo Tarefa a UNIDADE 1. O tempo

- Xeral
- Dispoñibilidade
- Tipos de entrega
  - Tipos de entrega  Entregas de ficheiros  Texto en liña  Portafolio Aqueiro
  - Número máximo de ficheiros enviados
  - Tamaño máximo da entrega
  - Sitio Non se atopa o servizo de rede de Aqueiro.
- Tipo de comentarios
  - Tipo de comentarios  Comentarios  Feedback Aqueiro  Ficheiros de comentarios  Folla de cualific





## Engadir unha actividade (continuación)

Esta é a configuración preestablecida desde a administración


NOTA: Con esta configuración non hai grupos de alumnos formados. Todos reciben a mesma Tarefa.

▼ Configuración de entregas

- Requirir que os alumnos preman no botón de entrega
- Requirir que os alumnos acepten a declaración de entrega
- Intentos reabertos
- Intentos máximos

▼ Configuración de entregas de grupo

- Alumnos que entregan en grupos
- Require a entrega de todos os membros do grupo
- Agrupación por grupos de alumnos



## Engadir unha actividade (continuación)

Esta é a configuración preestablecida desde a administración para “Notificacións”, “Cualificacións”, “Configuración común do módulo”.


Unha vez rematados os parámetros da Tarefa, facer clic en “Gardar e volver ao curso”.

NOTA: Con esta configuración non hai grupos de alumnos formados. Todos reciben a mesma Tarefa.

The screenshot shows a configuration interface with three main sections:

- Notificacións:** Two dropdown menus, both set to "Non".
  - Notificar aos cualificadores sobre entregas
  - Notificar aos cualificadores as entregas fora de prazo
- Cualificación:** A series of dropdown menus and a checkbox.
  - Cualificación: Escala: 0-10
  - Método de cualificación: Cualificación directa simple
  - Categoría de cualificación: Sen categoría
  - Corrección cega: Non
  - Usar asignación de corrector: Non
  - + Amosar máis...
- Configuración común do módulo:** A series of dropdown menus and a checkbox.
  - Visible: Mostrar
  - Número de ID: (empty text box)
  - Modo de grupo: Sen grupos
  - Agrupamento: Ningún
  - Dispoñíbel só para membros do grupo: (unchecked checkbox)

At the bottom, there is a "Restrict access" section and three buttons: "Gardar e volver ao curso", "Gardar e mostrar", and "Cancelar". The "Gardar e volver ao curso" button is circled in red.



## Engadir unha actividade (continuación)

Agora a Tarefa está inxerida na plataforma.

The screenshot displays a Moodle course interface. On the left, there is a navigation sidebar with sections for 'Navegación' and 'Administración'. The main content area shows a forum post titled 'Foro de novas' and a unit titled 'UNIDADE 1. O tempo'. Under this unit, there are two tasks: 'Documento1. O Tempo' and 'Envío Documento1. O tempo'. The 'Envío Documento1. O Tempo' task includes the instruction: 'Unha vez cuberto o "Documento1. O tempo", subídeo á plataforma'. On the right side, there are three widget boxes: 'Busca nos foros', 'Últimas noticias', and 'Próximos eventos'. The 'Próximos eventos' widget shows an event titled 'Envío Documento1. O Tempo' scheduled for Sunday, 17 de Maio.



## Ocultar unha sección

Para ocultar unha sección enteira é suficiente facer clic no ollo que aparece na dereita da sección.



Iso a fará invisible para o alumnado pero poderemos seguir traballando nela.

The screenshot shows a Moodle course interface with a left sidebar and a main content area. The sidebar includes 'Navegación' and 'Administración' sections. The main content area displays a course structure with sections like 'UNIDADE 1. O tempo' and 'Tema 2'. A red arrow points to the eye icon in the top right corner of the 'UNIDADE 1. O tempo' section, indicating the action to hide the section.

**Navegación**

- Páxina principal
  - A miña área persoal
  - Páxinas do sitio
  - Meu perfil
  - Curso actual
    - CURSO PROBA**
      - Participantes
      - Distincións
      - Xeral
      - UNIDADE 1. O tempo
      - Tema 2
      - Tema 3
      - Tema 4
      - Tema 5
    - Os meus cursos

**Administración**

- Administración do curso
  - Desactivar edición
  - Editar a configuración

**Foro de novas**

Engadir un recurso... Engadir unha actividade...

**UNIDADE 1. O tempo**

Nesta unidade analizaremos o tempo

Documento1. O Tempo

Documentación sobre o tempo

Envío Documento1. O tempo

Unha vez cuberto o "Documento1. O tempo", subídeo á plataforma

Engadir un recurso... Engadir unha actividade...

**Tema 2**

Engadir un recurso... Engadir unha actividade...



## Ocultar unha sección (continuación)

Cando a sección está oculta móstranse dúas barras anchas de cor gris a cada lado da sección. Se queremos facela novamente visible faremos clic no ollo atravesado dunha liña a dereita da sección.





The screenshot shows a Moodle course interface. On the left is a navigation menu with items like 'Inicio', 'Área persoal', 'Inicio do sitio', 'Perfil', 'Actualización', 'SO PROBA', 'Participantes', 'Distincións', 'Xeral', 'UNIDADE 1. O tempo', 'Tema 2', 'Tema 3', 'Tema 4', 'Tema 5', and 'Cursos'. The main content area displays a section titled 'UNIDADE 1. O tempo' which is currently hidden, indicated by a grey bar on the left. Below the title, it says 'Nesta unidade analizaremos o tempo'. There are two items listed: 'Documento1. O Tempo' and 'Envío Documento1. O tempo'. Each item has an 'Editar' button. On the right side of the section, there is a vertical toolbar with an eye icon with a slash, which is highlighted by a red arrow. Below the section, there is another section titled 'Tema 2' which is visible. The right-hand margin of the page contains a sidebar with buttons for 'Buscar', 'Últimos', 'Erros (Aínda ningún)', 'Próximos', 'Non listados', 'Actividade', 'Actividade', 'Información', and 'Actualizacións de cursos'.



## Realzar unha sección

Se queremos que unha sección (ou tema) chame a atención sobre o resto por ser o que nese momento se pretende traballar, facemos dobre clic sobre a lámpada á dereita da sección e aparecerán dúas barras verticais de cor azul a ambosdous lados da seccións. Para quitar o resalte facer dobre clic no mesmo sitio.





## Desprazar cara arriba ou cara abaixo unha sección

Facemos clic na frecha correspondente na dereita da sección.

The screenshot shows a Moodle course interface. The breadcrumb trail at the top reads "Os meus cursos > CURSO PROBA". The main content area displays a list of sections:

- UNIDADE 1. O tempo**: Includes a "Foro de novas" activity and a "Documento1. O Tempo" document. A red arrow points to the up/down arrow icon on the right side of this section.
- Tema 2**: A section below the first one. A red circle highlights the up/down arrow icon on its right side.

Each section has an "Engadir un recurso..." and "Engadir unha actividade..." dropdown menu, and an "Editar" link with a user icon. The right sidebar contains widgets for "Busca nos foros", "Últimas noticias", "Próximos eventos", and "Actividade recente".